

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2022/G005/000002.

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **Ordinaria** da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércores**, día **12 de xaneiro de 2022, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBRNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA A REHABILITACIÓN DA VIVENDA UNIFAMILIAR TRADICIONAL, DO NÚCLEO RURAL TRADICIONAL DE GALEGOS+PORTIÑO, PARROQUIA DE LUGO-GALEGOS (SANTIAGO DE AFORA), RÚA RIPANZO NÚMERO 22. (EXPTE. 2021/Y001/000154).
2. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA NO NÚCLEO RURAL DE VIADOR, PARROQUIA DE ANXOS. (EXPTE. 2020/Y001/000150).
3. LICENZA URBANÍSTICA PARA REHABILITACIÓN DE CONSTRUCCIÓN TRADICIONAL E CONSTRUCCIÓN DE NOVA EDIFICACIÓN PARA USO DE APARTAMENTOS TURÍSTICOS NO SOLO CLASIFICADO NO P.X.O.U., COMO NÚCLEO RURAL TRADICIONAL DE CONTURIZ+SAN AMARO+CASTRO, PARROQUIA DE SANTO ANDRÉ DE CASTRO, NÚMERO 11. (EXPTE. 2020/Y001/000107).
4. LICENZA URBANÍSTICA PARA LEGALIZACIÓN E AMPLIACIÓN DUNHA EDIFICACIÓN EXISTENTE PARA LOCAL SOCIAL DUN CAMPAMENTO TURÍSTICO, NOVA EDIFICACIÓN PARA DISTINTOS SERVICIOS, CONSTRUCCIÓN DE 6 CABAÑAS BUNGALOWS PARA USOS TURÍSTICOS, NA PARCELA DE SOLO CLASIFICADO COMO RÚSTICO EN MONTECELO, SAN VICENTE DE PEDREDA. (EXPTE: 319/2014).
5. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUIR GARAJE VINCULADO A VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE NA ÁREA DE EXPANSIÓN DO NÚCLEO RURAL DE GONDAR, PARROQUIA DE GONDAR. (EXPTE. 2021/Y002/000118).

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac5940958650111932143.doc

Asunto: CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-1-2022

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,